



CADRO DE PERSOAL DO CONSORCIO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO ANEXOS AO ORZAMENTO 2026.

EXPEDIENTE: 156/2025.

Que se formula para o exercicio 2026 en cumprimento do artigo 90.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, artigo 126 do Texto Refundido aprobado polo R. D. Lexislativo 781/86, do 18 de abril, por el que se aproba el texto refundido de las disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local en concordancia co artigo 168 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e tendo en conta a proposta da Xerencia de modificación da estrutura organizativa da RPT, aprobada definitivamente polo Pleno do Consorcio, en sesión de data 13/06/2025, coa creación de catro (4) postos de traballo orientados á redimensionar o organigrama do persoal operativo, no Grupo Profesional de Mandos, na categoría de xefes de quenda-condutor/a, coa finalidade da consecución dunha maior eficacia na prestación deste servizo, incrementando o número de xefes de quenda por parque, coa correspondente dotación orzamentaria:

APARTADO 1º: Persoal funcionario				
PERSONAL ADMINISTRATIVO				
GRUPO	NIVEL/CD	DENOMINACIÓN	NÚMERO	OBSERVACIÓNS
		ESCALA HABILITACIÓN CARÁCTER ESTATAL		Exercicio de funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter nacional, a través do persoal funcionario de habilitación de carácter nacional, subescala Secretaría-Intervención, clase terceira, grupo A, subgrupo A1 adscrito ao Servizo de Asistencia Intermunicipal da Deputación Provincial de Pontevedra
		SUBESCALA SECRETARÍA-INTERVENCIÓN		
A1	30	SECRETARIO/A-INTERVENTOR/A	1	
		ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL		
		SUBESCALA TÉCNICA. CLASE SUPERIOR		
A1	26	TÉCNICO/A RELACIÓNS LABORAIS	1	
		ESCALA ADMINISTRACIÓN XERAL		
		SUBESCALA ADMINISTRATIVA		
C1	20	ADMINISTRATIVO/A ADMINISTRACIÓN XERAL	1	

APARTADO 2º: Persoal directivo		
NÚMERO	DENOMINACIÓN	GRUPO
1	XERENTE	A2

APARTADO 3º: Persoal laboral fixo			
CATEGORÍA/DENOMINACIÓN	GRUPO	NÚMERO	TOTAL
PERSOAL OPERATIVO			94
GRUPO I: MANDOS			29





XEFE DE PARQUE	c1	5	
XEFE DE QUENDA- CONDUTOR	c2	24	
GRUPO II			65
BOMBEIRO-CONDUTOR	c2	65	

Dos que son de nova creación no exercicio 2026 os seguintes:

PERSOAL LABORAL FIXO DE NOVO INGRESO		
CATEGORÍA/ DENOMINACIÓN	NÚMERO	TOTAL
PERSOAL OPERATIVO		4
GRUPO I: MANDOS		4
XEFE DE QUENDA CONDUTOR	4	

DO QUE CABE TER EN CONTA AS SEGUINTE PARTICULARIDADES:

APARTADO 3º: Persoal laboral fixo por subrogación pola sucesión de empresas do artigo 44 do TRLET		
CATEGORÍA/DENOMINACIÓN	GRUPO	NÚMERO
PERSOAL OPERATIVO		
GRUPO I: MANDOS		
XEFE DE PARQUE	c1	3 (1)
XEFE DE QUENDA- CONDUTOR	c2	20 (2)
GRUPO II		
BOMBEIRO-CONDUTOR	c2	47 (3)

(1) Un xefe de parque en situación de excedencia forzosa con reserva de posto

(2) Un xefe de quenda está a desenvolver as funcións de xefe de Parque en O Porriño en substitución do xefe de parque excedente.

(3) Un bombeiro condutor está a desenvolver as funcións de xefe de quenda en O Porriño en substitución do xefe de quenda que se atopa en substitución do xefe de parque.

APARTADO 4º: Persoal laboral temporal por substitución derivado da subrogación pola sucesión de empresas do artigo 44 do TRLET		
CATEGORÍA/DENOMINACIÓN	GRUPO	NÚMERO
PERSOAL OPERATIVO		
GRUPO II		
BOMBEIRO-CONDUTOR	c2	1

O **cadro de persoal** que se configura como un instrumento de carácter





orxamentario de ordenación do gasto que constitúe unha enumeración de todas os postos que están dotados orxamentariamente, que inclúe tanto ao persoal funcionario como ao persoal laboral e eventual, cuxa finalidade é delimitar os gastos de persoal ao relacionar todos os que prevé para un exercicio orxamentario sendo a base para habilitar a previsión de gastos en materia de persoal e consignar os créditos necesarios para facer fronte ás retribucións en materia de persoal, queda dotado orxamentariamente nas correspondentes aplicacións, en base ás seguintes premisas:

- En aplicación dos artigos 2 e seguintes do Real Decreto 861/86, do 25 de abril, en concordancia co artigo 25 do I Convenio colectivo para o persoal laboral operativo dos parques de bombeiros, a contía das retribucións do persoal do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento será a que fixe a Lei de Orzamentos Xerais do Estado do ano correspondente para cada un dos grupos de clasificación e nivel do posto de traballo que desempeñen.

- Ao non dispor do proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2026, mantéñense as contías dos diferentes conceptos retributivos do ano 2025, en tanto non se aproben as adaptacións retributivas que se deriven da Lei de Orzamentos Xerais do Estado ou da lexislación que resulte de aplicación; consignado a tal efecto unhas previsións de incremento, que se reflicten nas correspondentes aplicacións orxamentarias de gastos de persoal, do 3% sobre as bases das retribucións actualmente vixentes.

- Ao abeiro do artigo 154 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, os límites ao incremento das retribucións ou gastos de persoal que fixe a Lei de Orzamentos Xerais do Estado entenderase sen prexuízo das ampliacións do cadro de persoal propostas.

- En canto ó posto Secretaría-Intervención, posto previsto nos Estatutos e no Organigrama da Relación de Postos de Traballo, non se prevé dotación orxamentaria ao terse adoptado, mediante acordo do Pleno de data 24-04-2024, como modalidade do exercicio de funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter nacional a recollida na letra b) do punto 1 do artigo 17 dos Estatutos deste Consorcio, a través do servizo de asistencia da Deputación Provincial de Pontevedra.

En Pontevedra, o presidente

Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe

